

PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE INFRAESTRUTURAS UNIVERSITARIAS NO ANO 2024

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2025

COMPARECEN

D. Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, e no uso das atribucións que lle confiren os Decretos 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

D. Ricardo José Cao Abad, reitor da Universidade da Coruña, nomeado polo Decreto 1/2024, do 11 de xaneiro, da Xunta de Galicia (DOG núm. 10, do 15 de xaneiro), no uso das competencias que lle confire o artigo 50.1 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e o artigo 126 dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 94/2025, do 6 de outubro, da Xunta de Galicia (DOG núm. 207, do 27 de outubro).

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura da presente addenda e, a estes efectos

EXPOÑEN

PRIMEIRO. O 13 de xullo de 2023 asinouse o Protocolo xeral de actuación entre a Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento dun plan de infraestruturas universitarias para o período comprendido entre os anos 2023 e 2026, ambos incluídos.

Co obxecto de levar a cabo a dita declaración de intencións, é necesario formalizar anualmente os compromisos adquiridos polas partes mediante a sinatura dos instrumentos xurídicos que concreten as actuacións a levar a cabo en cada un dos anos de vixencia do dito plan, en función das disponibilidades orzamentarias e as necesidades concretas de cada institución.

SEGUNDO. O 20 de decembro de 2024 asinouse o Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade da Coruña, para o desenvolvemento do Plan de Infraestruturas Universitarias no ano 2024, incluíndo na cláusula segunda do mesmo unha serie de actuacións relacionadas con infraestruturas da Universidade da Coruña.

TERCEIRO. O convenio dotouse dun orzamento total de 3.934.000 euros dos cales a Consellería achegou 2.810.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 07.02.561B.744.2 denominada *Plan de Inversións do SUG* (código de proxecto 2023 00079), e comprometéndose a Universidade da Coruña a achegar un total de 1.124.000 euros.

CUARTO. No anexo ao convenio detalláronse as actuacións e a distribución dos fondos do xeito reflectido na seguinte táboa:



ACTUACIÓNS PREVISTAS POLA UDC

1. ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE NÁUTICA E MÁQUINAS

<i>Infraestruturas</i>	<i>Orzamento</i>
Proxecto + ICIO+ taxas	254.763,74
Execución obra	1.732.932,86
TOTAL	1.987.696,60

2. FACULTADE DE CIENCIAS

<i>Infraestruturas</i>	<i>Orzamento</i>
Proxecto + ICIO+ taxas	85.506,75
Execución obra	569.093,25
TOTAL	654.600,00

3. FACULTADE DE FISIOTERAPIA

<i>Infraestruturas</i>	<i>Orzamento</i>
Proxecto + ICIO+ taxas	80.920,44
Execución obra	524.901,63
TOTAL	605.822,07

4. FACULTADE DE INFORMÁTICA

<i>Infraestruturas</i>	<i>Orzamento</i>
Proxecto + ICIO+ taxas	118.096,46
TOTAL	118.096,46

5. ESCOLA UNIVERSITARIA DE ARQUITECTURA TÉCNICA

<i>Infraestruturas</i>	<i>Orzamento</i>
Proxecto + ICIO+ taxas	118.096,46
TOTAL	118.096,46

6. CENTRO DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN DA INDUSTRIA INTELIXENTE EI3 (CAMPUS FERROL)

<i>Infraestruturas</i>	<i>Orzamento</i>
ICIO+ taxas	541.135,00
TOTAL	541.135,00

Total previsto UDC	4.025.446,59
Previsión convenio	3.934.000,00
<i>Achega Xunta de Galicia</i>	<i>2.810.000,00</i>
<i>Cofinanciamento UDC (40%)</i>	<i>1.124.000,00</i>

QUINTO. Logo de analizar o ritmo de execución das distintas actuacións previstas no convenio, e tendo en conta as dificultades manifestadas polos representantes da UDC que inciden na necesidade de adaptación do convenio para dar solución ás que cualifican de urxentes intervencións de rehabilitación de infraestruturas existentes e, en previsión da imposibilidade de realizar os gastos e consecuentes xustificacións nos prazos previstos, o 28 de maio de 2025 reuniuse a comisión de seguimento establecida na cláusula novena do convenio.

Nesta xuntanza, logo da análise pormenorizada do executado ata o momento e, constatada a necesidade de adaptación das actuacións á situación financeira e necesidades manifestadas polos representantes da universidade, adoptouse o acordo de modificar as actuacións previstas inicialmente e asumir as novas propostas presentadas para así dar cumprimento aos compromisos establecidos.

SEXTO. Consonte ao disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación do convenio.

Polo anterior exposto, e tal como se sinala na cláusula quinta da parte expositiva desta addenda, acéptanse as propostas presentadas pola Universidade da Coruña, e, dado que isto non supón incremento de gasto, por acordo das partes decídese modificar o convenio.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir a presente addenda ao convenio asinado para o ano 2024, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Modificación do convenio

Un. Modifícase a cláusula segunda do convenio asinado o 20 de decembro de 2024 quedando redactada como segue:

SEGUNDA. Actuacións

As accións contempladas neste convenio recollen as liñas xerais de colaboración para levar a cabo unha actuación global relativa á rehabilitación sostible das infraestruturas da Universidade da Coruña:

Plan Integral de Rehabilitación, Mellora Enerxética e Humanización que se concreta en tres liñas prioritarias de actuación:

-Rehabilitación: intervención en envolventes, habitabilidade, seguridade e accesibilidade

- Mellora enerxética: renovación das instalacións de subministro eléctrico, calefacción e climatización
- Humanización: mellora no contorno de convivencia da comunidade universitaria.

Inclúense obras significativas de rehabilitación dos seguintes centros do Campus da Coruña:

- Escola Técnica Superior de Náutica de Máquinas. Edificio Tenreiro
- Aula de Estudo Xoana Capdevielle
- Facultade de Fisioterapia. Pavillón de Colonias

Trátase dunha serie de intervencións imprescindibles para manter os anteditos edificios en condicións axeitadas para a realización de actividades de docencia e investigación propias dos mesmos.

Dous. Modifícase o Anexo do convenio reflectindo as novas propostas de actuacións e o orzamento destinado a cada unha delas segundo o acordo adoptado pola comisión de seguimento, do xeito que se indica a continuación:

ANEXO

ACTUACIÓNS PREVISTAS POLA UDC PLAN INTEGRAL DE REHABILITACIÓN, MELLORA ENERXÉTICA E HUMANIZACIÓN

INFRAESTRUTURAS	Orzamento
Rehabilitación	726.439,37 €
Mellora Enerxética	311.331,16 €
Humanización	86.229,47 €
TOTAL	1.124.000,00 €
ETS DE NÁUTICA E MÁQUINAS. Edificio Tenreiro	
Proxecto + ICIO + Taxas	67.502,12 €
Execución de Obra (incluída DF)	1.457.542,41 €
TOTAL	1.525.044,53 €
AULA DE ESTUDO XOANA CAPDEVIELLE	
Proxecto + ICIO + Taxas	43.335,80 €
Execución de Obra (incluída DF)	761.600,67 €
TOTAL	804.936,47 €
FACULTADE DE FISIOTERAPIA. Pavillón de Colonias	
Proxecto + ICIO + Taxas	15.500,00 €
Execución de Obra (incluída DF)	464.519,00 €
TOTAL	480.019,00 €

FINANCIAMENTO CON CARGO AO CONVENIO

Total previsto UDC	3.934.000,00 €
Previsión convenio	3.934.000,00 €
Achega Xunta de Galicia	2.810.000,00 €
Achega UDC	1.124.000,00 €

SEGUNDA. Condicións

A sinatura desta addenda non afecta á contía total (3.934.400 €) do convenio.

Esta addenda rexeráse polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante del.

A presente addenda réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co establecido no artigo 53 da dita lei, esta addenda deberá ser remitida ao Consello de Contas nos termos que neste se establecen.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado, asinan dixitalmente a presente addenda.

Román Rodríguez González

Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación
Profesional

Ricardo José Cao Abad

Reitor da Universidade da Coruña